

I. DISPOSICIÓN XERAIS**XEFATURA DO ESTADO**

9112 *Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Unha das funcións esenciais do Estado de dereito é a garantía da tutela xudicial dos dereitos dos cidadáns. Esta función implica o reto da implantación dunha xustiza de calidade capaz de resolver os diversos conflitos que xorden nunha sociedade moderna e, á vez, complexa.

Neste contexto, desde a década dos anos setenta do pasado século, veuse recorrendo a novos sistemas alternativos de resolución de conflitos, entre os cales destaca a mediación, que foi cobrando unha importancia crecente como instrumento complementario da Administración de xustiza.

Entre as vantaxes da mediación destaca a súa capacidade para dar solucións prácticas, efectivas e rendibles a determinados conflitos entre partes e iso configúraa como unha alternativa ao proceso xudicial ou á vía arbitral, dos cales se debe deslindar con claridade. A mediación está construída arredor da intervención dun profesional neutral que facilita a resolución do conflito polas propias partes, dunha forma equitativa, permitindo o mantemento das relacións subxacentes e conservando o control sobre o final do conflito.

II

A pesar do impulso que nos últimos anos experimentou en España, no ámbito das comunidades autónomas, ata a aprobación do Real decreto lei 5/2012 carecíase dunha ordenación xeral da mediación aplicable aos diversos asuntos civís e mercantís, ao tempo que asegurase a súa conexión coa xurisdición ordinaria, facendo así efectivo o primeiro dos eixes da mediación, que é a desxudicialización de determinados asuntos que poden ter unha solución máis adaptada ás necesidades e intereses das partes en conflito que a que podería derivar da previsión legal.

A mediación, como fórmula de autocomposición, é un instrumento eficaz para a resolución de controversias cando o conflito xurídico afecta dereitos subxectivos de carácter dispoñible. Como institución ordenada á paz xurídica, contribúe a concibir os tribunais de xustiza neste sector do ordenamento xurídico como un último remedio, en caso de que non sexa posible compor a situación pola mera vontade das partes, e pode ser un hábil coadxuvante para a redución da carga de traballo daqueles, reducindo a súa intervención a aqueles casos en que as partes

enfrentadas non fosen capaces de pór fin, desde o acordo, á situación de controversia.

Así mesmo, esta lei incorpora ao dereito español a Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, sobre certos aspectos da mediación en asuntos civís e mercantís. Non obstante, a súa regulación vai máis alá do contido desta norma da Unión Europea, en liña coa previsión da disposición derradeira terceira da Lei 15/2005, do 8 de xullo, pola que se modifican o Código civil e a Lei de axuízamento civil en materia de separación e divorcio, na cal se encomendaba ao Goberno a remisión ás Cortes Xerais dun proxecto de lei sobre mediación.

A Directiva 2008/52/CE límitase a establecer unhas normas mínimas para fomentar a mediación nos litixios transfronteirizos en asuntos civís e mercantís. Polo seu lado, a regulación desta norma conforma un réxime xeral aplicable a toda mediación que teña lugar en España e pretenda ter un efecto xurídico vinculante, ben que circunscrita ao ámbito dos asuntos civís e mercantís e dentro dun modelo que tivo en conta as previsións da Lei modelo da CNUDMI sobre conciliación comercial internacional do 24 de xuño de 2002.

Precisamente, o transcurso do prazo de incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2008/52/CE, que finalizou o 21 de maio de 2011, xustificou o recurso ao real decreto lei, como norma adecuada para efectuar esa necesaria adaptación do noso dereito, co que se puxo fin ao atraso no cumprimento desta obriga, coas consecuencias negativas que comporta para os cidadáns e para o Estado polo risco de ser sancionado polas institucións da Unión Europea.

As exclusións previstas nesta norma non o son para limitar a mediación nos ámbitos a que se refiren senón para reservar a súa regulación ás normas sectoriais correspondentes.

III

O modelo de mediación baséase na voluntariedade e libre decisión das partes e na intervención dun mediador, do cal se pretende unha intervención activa orientada á solución da controversia polas propias partes. O réxime que contén a lei baséase na flexibilidade e no respecto á autonomía da vontade das partes, cuxa vontade, expresada no acordo que lle pon fin, poderá ter a consideración de título executivo, se as partes o desexan, mediante a súa elevación a escritura pública. En ningún caso pretende esta norma encerrar toda a variedade e riqueza da mediación, senón tan só sentar as súas bases e favorecer esta alternativa fronte á solución xudicial do conflito. É aquí onde se encontra, precisamente, o segundo eixe da mediación, que é a deslegalización ou perda do papel central da lei en beneficio dun principio dispositivo que rexe tamén nas relacións que son obxecto do conflito.

A figura do mediador é, de acordo coa súa conformación natural, a peza esencial do modelo, posto que é quen axuda a encontrar unha solución dialogada e voluntariamente querida polas partes. A actividade de mediación desprégase en múltiples ámbitos profesionais e sociais, requirindo habilidades que en moitos casos dependen da propia natureza do conflito. O mediador debe ter, pois, unha formación xeral que lle permita desempeñar esa tarefa e sobre todo ofrecer garantía inequívoca ás partes pola responsabilidade civil en que puider incurrir.

Igualmente, a lei utiliza o termo mediador de xeito xenérico sen prexulgar que sexa un ou varios.

Tense presente o papel moi relevante neste contexto dos servizos e institucións de mediación, que desempeñan unha tarefa fundamental á hora de ordenar e fomentar os procedementos de mediación.

Corolario desta regulación é o recoñecemento do acordo de mediación como título executivo, o que se producirá coa súa ulterior elevación a escritura pública, cuxa execución se poderá instar directamente ante os tribunais. Na regulación do acordo de mediación radica o terceiro eixe da mediación, que é a desxuridificación, consistente en non determinar de forma necesaria o contido do acordo restaurativo ou reparatorio.

O marco flexible que procura a lei pretende ser un aliciente máis para favorecer o recurso á mediación, de tal forma que non teña repercusión en custos procesuais posteriores nin se permita a súa formulación como unha estratexia dilatoria do cumprimento das obrigas contractuais das partes. Así se manifesta na opción da suspensión da prescrición cando teña lugar o inicio do procedemento fronte á regra xeral da súa interrupción, co propósito de eliminar posibles desincentivos e evitar que a mediación poida producir efectos xurídicos non desexados.

Esta lei circunscríbese estritamente ao ámbito de competencias do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, que permiten articular un marco para o exercicio da mediación, sen prexuízo das disposicións que diten as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias.

Co fin de facilitar o recurso á mediación, articúlase un procedemento de fácil tramitación, pouco custoso e de curta duración no tempo.

IV

O articulado desta lei estrutúrase en cinco títulos.

No título I, baixo a rúbrica «Disposicións xerais», regúlanse o ámbito material e espacial da norma, a súa aplicación aos conflitos transfronteirizos, os efectos da mediación sobre os prazos de prescrición e caducidade, así como as institucións de mediación.

O título II enumera os principios informadores da mediación, a saber: o principio de voluntariedade e libre disposición, o de imparcialidade, o de neutralidade e o de confidencialidade. A estes principios engádense as regras ou directrices que deben guiar a actuación das partes na mediación, como son a boa fe e o respecto mutuo, así como o seu deber de colaboración e apoio ao mediador.

O título III contén o estatuto mínimo do mediador, coa determinación dos requisitos que deben cumprir e dos principios da súa actuación. Para garantir a súa imparcialidade explíctanse as circunstancias que o mediador debe comunicar ás partes, seguíndose nisto o modelo do Código de conduta europeo para mediadores.

O título IV regula o procedemento de mediación. É un procedemento sinxelo e flexible que permite que sexan os suxeitos implicados na mediación os que determinen libremente as súas fases fundamentais. A norma límitase a establecer aqueles requisitos imprescindibles para dar validez ao acordo que as partes poidan alcanzar, sempre baixo a premisa de que alcanzar un acordo non é algo obrigatorio, pois, ás veces, como ensina a experiencia aplicativa desta institución, non é estraño que a mediación persiga simplemente mellorar relacións, sen intención de alcanzar un acordo de contido concreto.

Finalmente, o título V establece o procedemento de execución dos acordos, axustándose ás previsións que xa existen no dereito español e sen establecer

diferenzas co réxime de execución dos acordos de mediación transfronteirizos cuxo cumprimento se deba producir noutro Estado; para iso requirirase a súa elevación a escritura pública como condición necesaria para a súa consideración como título executivo.

V

As disposicións derradeiras cohonestan a regulación co encaixe da mediación cos procedementos xudiciais.

Refórmanse, así, a Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, e a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, para incluír entre as súas funcións, xunto á arbitrase, a mediación, permitindo así a súa actuación como institucións de mediación.

Opéranse tamén unha serie de modificacións de carácter procesual que facilitan a aplicación da mediación dentro do proceso civil. Regúlase así a facultade das partes para dispor do obxecto do xuízo e someterse a mediación, así como a posibilidade de que sexa o xuíz o que invite as partes a chegaren a un acordo e, para tal fin, se informen da posibilidade de recorrer á mediación. Trátase dunha novidade que, dentro do respecto á vontade das partes, intenta promover a mediación e as solucións amigables dos litixios. Por outra banda, prevese a declinatoria como remedio fronte ao incumprimento dos pactos de sometemento a mediación ou fronte á presentación dunha demanda estando en curso esta.

A modificación da Lei de axuizamento civil comprende, por último, a dos preceptos necesarios para a inclusión do acordo de mediación dentro dos títulos que dan dereito ao despacho da execución.

Con estas modificacións artículase a adecuada interrelación entre a mediación e o proceso civil, reforzando a eficacia desta institución.

VI

Por último, esta lei reforma a Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, co obxectivo de dar satisfacción ás lexítimas expectativas dos estudantes de Dereito que, no momento da publicación daquela lei, se encontraban matriculados nos seus estudos universitarios e, como consecuencia da súa publicación, ven completamente alteradas as condicións de acceso ás profesións de avogado e procurador.

Conforme a Lei 34/2006, para obter o título profesional de avogado ou procurador dos tribunais é necesario, ademais de estar en posesión do título universitario de licenciado en Dereito ou do correspondente título de grao, probar a súa capacitación profesional mediante a superación da correspondente formación especializada e de carácter oficial que se adquire a través de cursos de formación acreditados polo Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Educación, así como superar unha posterior avaliación.

A modificación que se aproba é congruente coa exposición de motivos da propia Lei 34/2006, que declara como obxectivo non quebrar «as expectativas actuais dos estudantes da licenciatura ou grao en Dereito». Non obstante, a *vacatio legis* de cinco anos que fixou inicialmente a lei revelouse insuficiente para dar satisfacción a un colectivo de estudantes que non puido completar os seus estudos no dito período de cinco anos. Trataríase de resolver problemas dos estudantes que se matricularon en licenciaturas de Dereito con anterioridade

ao 31 de outubro de 2006, momento en que non se exixían os títulos profesionais para o exercicio das profesións de avogado e procurador e que non puideron finalizar os seus estudos no citado prazo. Por unha omisión non querida do legislador, os ditos estudantes sofren unha discriminación, posto que se quebran as expectativas lexítimas que tiñan no momento en que comezaron a cursar os seus estudos en Dereito. Pero, ademais, aprovéitase a ocasión para recoñecer un réxime especial de acceso ao exercicio profesional para os licenciados en Dereito, calquera que sexa o momento en que inicien ou finalicen os seus estudos, atendendo deste modo a diversas iniciativas formuladas en sede parlamentaria.

Por outra banda, considérase a situación dos posuidores de títulos estranxeiros susceptibles de homologación ao título español de licenciado en Dereito, mediante a introdución dunha nova disposición adicional que permite acceder ás profesións xurídicas a aqueles que iniciasen o procedemento de homologación antes da entrada en vigor da lei.

A futura modificación recollerá a expedición dos títulos profesionais por parte do Ministerio de Xustiza.

Ademais, para rematar coa incerteza xerada polo número 3 da disposición transitoria única da citada Lei 34/2006, introdúcese unha mellora técnica na redacción que aclara que non é necesario estar en posesión do título de licenciado ou grao en Dereito senón que abonda con estar en condicións de obtelo, é dicir, non é necesario estar na posesión material do título senón ter concluído os estudos cando entra en vigor a lei. Con iso salvagárdanse os dereitos dos licenciados que despois de finalizaren os seus estudos, polo atraso ou descoido na solicitude dos títulos ás universidades, queden excluídos do ámbito da disposición transitoria da lei.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Concepto.*

Enténdese por mediación aquel medio de solución de controversias, calquera que sexa a súa denominación, en que dúas ou máis partes intentan voluntariamente alcanzar por si mesmas un acordo coa intervención dun mediador.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é de aplicación ás mediacións en asuntos civís ou mercantís, incluídos os conflitos transfronteirizos, sempre que non afecten dereitos e obrigas que non estean á disposición das partes en virtude da lexislación aplicable.

En defecto de sometemento expreso ou tácito a esta lei, esta será aplicable cando, polo menos, unha das partes teña o seu domicilio en España e a mediación se realice en territorio español.

2. Quedan excluídos, en todo caso, do ámbito de aplicación desta lei:

- a) A mediación penal.
- b) A mediación coas administracións públicas.
- c) A mediación laboral.
- d) A mediación en materia de consumo.

Artigo 3. *Mediación en conflitos transfronteirizos.*

1. Un conflito é transfronteirizo cando polo menos unha das partes está domiciliada ou reside habitualmente nun Estado distinto a aquel en que calquera das outras partes a que afecta estea domiciliada cando acorden facer uso da mediación ou sexa obrigatorio acudir a ela de acordo coa lei que resulte aplicable. Tamén terán esta consideración os conflitos previstos ou resoltos por acordo de mediación, calquera que sexa o lugar en que se realizase, cando, como consecuencia do traslado do domicilio dalgunha das partes, o pacto ou algunhas das súas consecuencias se pretendan executar no territorio dun Estado distinto.

2. Nos litixios transfronteirizos entre partes que residan en distintos Estados membros da Unión Europea o domicilio determinarase de conformidade cos artigos 59 e 60 do Regulamento (CE) nº 44/2001 do Consello, do 22 de decembro de 2000, relativo á competencia xudicial, o recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil.

Artigo 4. *Efectos da mediación sobre os prazos de prescripción e caducidade.*

A solicitude de inicio da mediación conforme o artigo 16 suspenderá a prescripción ou a caducidade de accións desde a data en que conste a recepción da dita solicitude polo mediador, ou o depósito ante a institución de mediación, de ser o caso.

Se no prazo de quince días naturais, contados desde a recepción da solicitude de inicio da mediación, non se asina a acta da sesión constitutiva prevista no artigo 19, restablecerase o cómputo dos prazos.

A suspensión prolongarase ata a data da sinatura do acordo de mediación ou, no seu defecto, a sinatura da acta final, ou cando se produza a terminación da mediación por algunha das causas previstas nesta lei.

Artigo 5. *As institucións de mediación.*

1. Teñen a consideración de institucións de mediación as entidades públicas ou privadas, españolas ou estranxeiras, e as corporacións de dereito público que teñan entre os seus fins o impulso da mediación, facilitando o acceso e administración desta, incluída a designación de mediadores, debendo garantir a transparencia na referida designación. Se entre os seus fins figurase tamén a arbitrase, adoptarán as medidas para asegurar a separación entre ambas as dúas actividades.

A institución de mediación non poderá prestar directamente o servizo de mediación nin terá máis intervención nela que a que prevé esta lei.

As institucións de mediación darán a coñecer a identidade dos mediadores que actúen dentro do seu ámbito, e informarán, polo menos, da súa formación, especialidade e experiencia no ámbito da mediación a que se dediquen.

2. Estas institucións poderán implantar sistemas de mediación por medios electrónicos, en especial para aquelas controversias que consistan en reclamacións en diñeiro.

3. O Ministerio de Xustiza e as administracións públicas competentes velarán por que as institucións de mediación respecten, no desenvolvemento das súas actividades, os principios da mediación establecidos nesta lei, así como pola boa actuación dos mediadores, na forma que establezan as súas normas reguladoras.

TÍTULO II

Principios informadores da mediación

Artigo 6. *Voluntariedade e libre disposición.*

1. A mediación é voluntaria.
2. Cando exista un pacto por escrito que exprese o compromiso de someter a mediación as controversias xurdidas ou que poidan xurdir, deberase intentar o procedemento pactado de boa fe antes de acudir á xurisdición ou a outra solución extraxudicial. A dita cláusula producirá estes efectos mesmo cando a controversia verse sobre a validez ou existencia do contrato en que conste.
3. Ninguén está obrigado a manterse no procedemento de mediación nin a concluír un acordo.

Artigo 7. *Igualdade das partes e imparcialidade dos mediadores.*

No procedemento de mediación garantírase que as partes interveñan con plena igualdade de oportunidades, mantendo o equilibrio entre as súas posicións e o respecto cara aos puntos de vista por elas expresados, sen que o mediador poida actuar en prexuízo ou interese de calquera delas.

Artigo 8. *Neutralidade.*

As actuacións de mediación desenvolveranse de forma que permitan ás partes en conflito alcanzaren por si mesmas un acordo de mediación, actuando o mediador de acordo co disposto no artigo 14.

Artigo 9. *Confidencialidade.*

1. O procedemento de mediación e a documentación utilizada nel é confidencial. A obriga de confidencialidade esténdese ao mediador, que quedará protexido polo segredo profesional, ás institucións de mediación e ás partes intervinientes, de modo que non poderán revelar a información que puideren ter obtido derivada do procedemento.

2. A confidencialidade da mediación e do seu contido impide que os mediadores ou as persoas que participen no procedemento de mediación estean obrigados a declarar ou achegar documentación nun procedemento xudicial ou nunha arbitrase sobre a información e documentación derivada dun procedemento de mediación ou relacionada con este, agás:

- a) Cando as partes de maneira expresa e por escrito os dispensen do deber de confidencialidade.
- b) Cando, mediante resolución xudicial motivada, sexa solicitada polos xuíces da orde xurisdiccional penal.

3. A infracción do deber de confidencialidade xerará responsabilidade nos termos previstos no ordenamento xurídico.

Artigo 10. *As partes na mediación.*

1. Sen prexuízo do respecto aos principios establecidos nesta lei, a mediación organizarase do modo que as partes teñan por conveniente.

2. As partes suxeitas a mediación actuarán entre si conforme os principios de lealdade, boa fe e respecto mutuo.

Durante o tempo en que se desenvolva a mediación as partes non poderán exercer contra as outras partes ningunha acción xudicial ou extraxudicial en relación co seu obxecto, con excepción da solicitude das medidas cautelares ou outras medidas urxentes imprescindibles para evitar a perda irreversible de bens e dereitos.

O compromiso de sometemento a mediación e a iniciación desta impide aos tribunais coñecer das controversias sometidas a mediación durante o tempo en que se desenvolva esta, sempre que a parte a quen interese o invoque mediante declinatoria.

3. As partes deberán prestar colaboración e apoio permanente á actuación do mediador, mantendo a adecuada deferencia cara á súa actividade.

TÍTULO III

Estatuto do mediador

Artigo 11. Condicións para exercer de mediador.

1. Poden ser mediadores as persoas naturais que se encontren en pleno exercicio dos seus dereitos civís, sempre que non llelo impida a lexislación a que poidan estar sometidas no exercicio da súa profesión.

As persoas xurídicas que se dediquen á mediación, sexan sociedades profesionais ou calquera outra prevista polo ordenamento xurídico, deberán designar para o seu exercicio unha persoa natural que reúna os requisitos previstos nesta lei.

2. O mediador deberá estar en posesión de título oficial universitario ou de formación profesional superior e contar con formación específica para exercer a mediación, que se adquirirá mediante a realización dun ou varios cursos específicos impartidos por institucións debidamente acreditadas, que terán validez para o exercicio da actividade mediadora en calquera parte do territorio nacional.

3. O mediador deberá subscribir un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos en que interveña.

Artigo 12. Calidade e autorregulación da mediación.

O Ministerio de Xustiza e as administracións públicas competentes, en colaboración coas institucións de mediación, fomentarán e requirirán a adecuada formación inicial e continua dos mediadores, a elaboración de códigos de conduta voluntarios, así como a adhesión daqueles e das institucións de mediación a tales códigos.

Artigo 13. Actuación do mediador.

1. O mediador facilitará a comunicación entre as partes e velará por que dispoñan da información e o asesoramento suficientes.

2. O mediador desenvolverá unha conduta activa tendente a lograr o achegamento entre as partes, con respecto aos principios recollidos nesta lei.

3. O mediador poderá renunciar a desenvolver a mediación, con obriga de entregar unha acta ás partes en que conste a súa renuncia.

4. O mediador non poderá iniciar ou deberá abandonar a mediación cando concorran circunstancias que afecten a súa imparcialidade.

5. Antes de iniciar ou de continuar a súa tarefa, o mediador deberá revelar calquera circunstancia que poida afectar a súa imparcialidade ou ben xerar un conflito de intereses. Tales circunstancias incluírán, en todo caso:

a) Todo tipo de relación persoal, contractual ou empresarial cunha das partes.

b) Calquera interese directo ou indirecto no resultado da mediación.

c) Que o mediador, ou un membro da súa empresa ou organización, actuase anteriormente a favor dunha ou varias das partes en calquera circunstancia, con excepción da mediación.

En tales casos o mediador só poderá aceptar ou continuar a mediación cando asegure poder mediar con total imparcialidade e sempre que as partes o consintan e o fagan constar expresamente.

O deber de revelar esta información permanece durante todo o procedemento de mediación.

Artigo 14. *Responsabilidade dos mediadores.*

A aceptación da mediación obriga os mediadores a cumprir fielmente a encarga; se non o fixeren, incorrerán en responsabilidade polos danos e perdas que causaren. O prexudicado terá acción directa contra o mediador e, de ser o caso, a institución de mediación que corresponda, con independencia das accións de reembolso que asistan esta contra os mediadores. A responsabilidade da institución de mediación derivará da designación do mediador ou do incumprimento das obrigas que lle incumben.

Artigo 15. *Custo da mediación.*

1. O custo da mediación, conclúese ou non co resultado dun acordo, dividírase por igual entre as partes, salvo pacto en contrario.

2. Tanto os mediadores como a institución de mediación poderanlles exixir ás partes a provisión de fondos que consideren necesaria para atender o custo da mediación.

Se as partes ou algunha delas non realizaren en prazo a provisión de fondos solicitada, o mediador ou a institución poderá dar por concluída a mediación. Non obstante, se algunha das partes non tiver realizado a súa provisión, o mediador ou a institución, antes de acordar a conclusión, comunicarllelo ás demais partes, por se tiveren interese en suplila dentro do prazo que se fixase.

TÍTULO IV

Procedemento de mediación

Artigo 16. *Solicitud de inicio.*

1. O procedemento de mediación poderá iniciarse:

a) De común acordo entre as partes. Neste caso a solicitude incluírá a designación do mediador ou a institución de mediación en que levarán a cabo a mediación, así como o acordo sobre o lugar en que se desenvolverán as sesións e a lingua ou linguas das actuacións.

b) Por unha das partes en cumprimento dun pacto de sometemento a mediación existente entre aquelas.

2. A solicitude formularase ante as institucións de mediación ou ante o mediador proposto por unha das partes ás demais ou xa designado por elas.

3. Cando de maneira voluntaria se inicie unha mediación estando en curso un proceso xudicial, as partes de común acordo poderán solicitar a súa suspensión de conformidade co disposto na lexislación procesual.

Artigo 17. *Información e sesións informativas.*

1. Recibida a solicitude e salvo pacto en contrario das partes, o mediador ou a institución de mediación citará as partes para a realización da sesión informativa. En caso de inasistencia inustificada de calquera das partes á sesión informativa entenderase que desisten da mediación solicitada. A información de qué parte ou partes non asistiron á sesión non será confidencial.

Nesa sesión o mediador informará as partes das posibles causas que poidan afectar a súa imparcialidade, da súa profesión, formación e experiencia; así como das características da mediación, o seu custo, a organización do procedemento e as consecuencias xurídicas do acordo que se puider alcanzar, así como do prazo para asinar a acta da sesión constitutiva.

2. As institucións de mediación poderán organizar sesións informativas abertas para aquelas persoas que puideren estar interesadas en acudir a este sistema de resolución de controversias, que en ningún caso substituirán a información prevista no número 1.

Artigo 18. *Pluralidade de mediadores.*

1. A mediación será levada a cabo por un ou varios mediadores.

2. Se pola complexidade da materia ou pola conveniencia das partes se producir a actuación de varios mediadores nun mesmo procedemento, estes actuarán de forma coordinada.

Artigo 19. *Sesión constitutiva.*

1. O procedemento de mediación comezará mediante unha sesión constitutiva en que as partes expresarán o seu desexo de desenvolver a mediación e deixarán constancia dos seguintes aspectos:

- a) A identificación das partes.
- b) A designación do mediador e, de ser o caso, da institución de mediación ou a aceptación do designado por unha das partes.
- c) O obxecto do conflito que se somete ao procedemento de mediación.
- d) O programa de actuacións e duración máxima prevista para o desenvolvemento do procedemento, sen prexuízo da súa posible modificación.
- e) A información do custo da mediación ou as bases para a súa determinación, con indicación separada dos honorarios do mediador e doutros posibles gastos.

f) A declaración de aceptación voluntaria polas partes da mediación e de que asumen as obrigas dela derivadas.

g) O lugar de realización e a lingua do procedemento.

2. Da sesión constitutiva levantarase unha acta en que consten estes aspectos, que será asinada tanto polas partes como polo mediador ou mediadores. Noutro caso, esta acta declarará que a mediación se intentou sen efecto.

Artigo 20. *Duración do procedemento.*

A duración do procedemento de mediación será o máis breve posible e as súas actuacións concentraranse no mínimo número de sesións.

Artigo 21. *Desenvolvemento das actuacións de mediación.*

1. O mediador convocará as partes para cada sesión coa antelación necesaria, dirixirá as sesións e facilitará a exposición das súas posicións e a súa comunicación de modo igual e equilibrado.

2. As comunicacións entre o mediador e as persoas en conflito poderán ser ou non simultáneas.

3. O mediador comunicará a todas as partes a realización das reunións que teñan lugar por separado con algunha delas, sen prexuízo da confidencialidade sobre o tratado. O mediador non poderá nin comunicar nin distribuír a información ou documentación que a parte lle achegase, salvo autorización expresa desta.

Artigo 22. *Terminación do procedemento.*

1. O procedemento de mediación pode concluír en acordo ou finalizar sen alcanzar o dito acordo, ben sexa porque todas ou algunha das partes exerzan o seu dereito a dar por rematadas as actuacións, comunicándollo ao mediador, ben porque transcorrese o prazo máximo acordado polas partes para a duración do procedemento, así como cando o mediador aprecie de maneira xustificada que as posicións das partes son irreconciliables ou concorra outra causa que determine a súa conclusión.

Coa terminación do procedemento devolveranse a cada parte os documentos que achegase. Cos documentos que non se tivesen que devolver ás partes formarase un expediente que deberá conservar e custodiar o mediador ou, de ser o caso, a institución de mediación, unha vez rematado o procedemento, por un prazo de catro meses.

2. A renuncia do mediador a continuar o procedemento ou o rexeitamento das partes ao seu mediador só producirá a terminación do procedemento cando non se chegue a nomear un novo mediador.

3. A acta final determinará a conclusión do procedemento e, de ser o caso, reflectirá os acordos alcanzados de forma clara e comprensible, ou a súa finalización por calquera outra causa.

A acta deberá ir asinada por todas as partes e polo mediador ou mediadores e entregarse un exemplar orixinal a cada unha delas. En caso de que algunha das partes non quixer asinar a acta, o mediador fará constar nela esta circunstancia, e entregará un exemplar ás partes que o desexen.

Artigo 23. *O acordo de mediación.*

1. O acordo de mediación pode versar sobre unha parte ou sobre a totalidade das materias sometidas á mediación.

No acordo de mediación deberá constar a identidade e o domicilio das partes, o lugar e a data en que se subscribe, as obrigas que cada parte asume e que se seguiu un procedemento de mediación axustado ás previsións desta lei, con indicación do mediador ou mediadores que interviñeron e, de ser o caso, da institución de mediación na cal se desenvolveu o procedemento.

2. O acordo de mediación deberano asinar as partes ou os seus representantes.

3. Do acordo de mediación entregáraselle un exemplar a cada unha das partes e reservará outro o mediador para a súa conservación.

O mediador informará as partes do carácter vinculante do acordo alcanzado e de que poden instar a súa elevación a escritura pública co obxecto de configurar o seu acordo como un título executivo.

4. Contra o convido no acordo de mediación só se poderá exercer a acción de nulidade polas causas que invalidan os contratos.

Artigo 24. *Actuacións desenvolvidas por medios electrónicos.*

1. As partes poderán acordar que todas ou algunha das actuacións de mediación, incluída a sesión constitutiva e as sucesivas que consideren convenientes, se leven a cabo por medios electrónicos, por videoconferencia ou outro medio análogo de transmisión da voz ou a imaxe, sempre que quede garantida a identidade dos intervinientes e o respecto aos principios da mediación previstos nesta lei.

2. A mediación que consista nunha reclamación de cantidade que non exceda os 600 euros desenvolverase preferentemente por medios electrónicos, salvo que o emprego destes non sexa posible para algunha das partes.

TÍTULO V

Execución dos acordos

Artigo 25. *Formalización do título executivo.*

1. As partes poderán elevar a escritura pública o acordo alcanzado tras un procedemento de mediación.

O acordo de mediación será presentado polas partes ante un notario xunto coa copia das actas da sesión constitutiva e final do procedemento, sen que sexa necesaria a presenza do mediador.

2. Para levar a cabo a elevación a escritura pública do acordo de mediación, o notario verificará o cumprimento dos requisitos exixidos nesta lei e que o seu contido non é contrario a dereito.

3. Cando o acordo de mediación se deba executar noutro Estado, ademais da elevación a escritura pública será necesario o cumprimento dos requisitos que, se é o caso, poidan exixir os convenios internacionais en que España sexa parte e as normas da Unión Europea.

4. Cando o acordo se tiver alcanzado nunha mediación desenvolvida despois de iniciar un proceso xudicial, as partes poderán solicitar do tribunal a súa homologación de acordo co disposto na Lei de axuízamento civil.

Artigo 26. *Tribunal competente para a execución dos acordos de mediación.*

A execución dos acordos resultado dunha mediación iniciada estando en curso un proceso instarase ante o tribunal que homologou o acordo.

Se se tratar de acordos formalizados tras un procedemento de mediación será competente o Xulgado de Primeira Instancia do lugar en que se tivese asinado o acordo de mediación, de acordo co previsto no número 2 do artigo 545 da Lei de axuízamento civil.

Artigo 27. *Execución dos acordos de mediación transfronteirizos.*

1. Sen prexuízo do que dispoñan a normativa da Unión Europea e os convenios internacionais vixentes en España, un acordo de mediación que xa adquirise forza executiva noutro Estado só poderá ser executado en España cando tal forza executiva derive da intervención dunha autoridade competente que desenvolva funcións equivalentes ás que desempeñan as autoridades españolas.

2. Un acordo de mediación que non fose declarado executable por unha autoridade estranxeira só poderá ser executado en España logo de elevación a escritura pública por notario español por solicitude das partes, ou dunha delas co consentimento expreso das demais.

3. O documento estranxeiro non poderá ser executado cando resulte manifestamente contrario á orde pública española.

Disposición adicional primeira. *Recoñecemento de institucións ou servizos de mediación.*

As institucións ou servizos de mediación establecidos ou recoñecidos polas administracións públicas de acordo co disposto nas leis poderán asumir as funcións de mediación previstas nesta lei sempre que cumpran as condicións establecidas nela para actuar como institucións de mediación.

Disposición adicional segunda. *Impulso á mediación.*

1. As administracións públicas competentes para a provisión de medios materiais ao servizo da Administración de xustiza proverán a posta á disposición dos órganos xurisdicionais e do público de información sobre a mediación como alternativa ao proceso xudicial.

2. As administracións públicas competentes procurarán incluír a mediación dentro do asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso, previstos no artigo 6 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, na medida en que permita reducir tanto a litixiosidade como os seus custos.

Disposición adicional terceira. *Escrituras públicas de formalización de acordos de mediación.*

Para o cálculo dos honorarios notariais da escritura pública de formalización dos acordos de mediación aplicaranse os aranceis correspondentes aos «Documentos sen contía» previstos no número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios.

Disposición adicional cuarta. *Igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade.*

Os procedementos de mediación deberán garantir a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade. Para tal fin, deberán aterse ao disposto no Real decreto 366/2007, do 16 de marzo, polo que se establecen as condicións de accesibilidade e non-discriminación das persoas con discapacidade nas súas relacións coa Administración xeral do Estado.

En especial, deberase garantir a accesibilidade dos ámbitos, a utilización da lingua de signos e os medios de apoio á comunicación oral, o braille, a comunicación táctil ou calquera outro medio ou sistema que lles permita ás persoas con discapacidade participaren plenamente do proceso.

Os medios electrónicos a que se refire o artigo 24 desta lei deberán aterse ás condicións de accesibilidade previstas na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o Real decreto lei 5/2012, do 5 de marzo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais.*

A letra ñ) do artigo 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, pasa a ter a seguinte redacción:

«ñ) Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.*

A letra i do número 1 do artigo 2 da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, pasa a ter a seguinte redacción:

«i) Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje mercantil, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

Modifícanse os artigos 19, 39, 63, 65, 66, 206, 335, 347, 395, 414, 415, 438, 440, 443, 517, 518, 539, 545, 548, 550, 556, 559, 576 e 580 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, nos termos seguintes:

Un. O número 1 do artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os litigantes están facultados para dispor do obxecto do xuízo e poderán renunciar, desistir do xuízo, avirse, someterse a mediación ou a arbitraje e transixir sobre o que sexa obxecto deste, agás cando a lei o

prohiba ou estableza limitacións por razóns de interese xeral ou en beneficio de terceiro.»

Dous. Modifícase o artigo 39, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 39. *Apreciación da falta de competencia internacional ou de xurisdición por instancia de parte.*

O demandado poderá denunciar mediante declinatoria a falta de competencia internacional ou a falta de xurisdición por pertencer o asunto a outra orde xurisdicional ou por someterse a arbitraje ou mediación a controversia.»

Tres. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 63 queda redactado do seguinte modo:

«1. Mediante a declinatoria, o demandado e os que poidan ser parte lexítima no xuízo promovido poderán denunciar a falta de xurisdición do tribunal ante o que se interpuxo a demanda, por corresponder o coñecemento desta a tribunais estranxeiros, a órganos doutra orde xurisdicional, a árbitros ou a mediadores.»

Catro. Dáse nova redacción ao parágrafo segundo do número 2 do artigo 65:

«Do mesmo modo procederá o tribunal se estimase a declinatoria fundada en terse sometido o asunto a arbitraje ou a mediación.»

Cinco. O artigo 66 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 66. *Recursos en materia de competencia internacional, xurisdición, submisión a arbitraje ou mediación e competencia obxectiva.*

1. Contra o auto polo que se absteña de coñecer por falta de competencia internacional, por pertencer o asunto a tribunal doutra orde xurisdicional, por someterse o asunto a arbitraje ou a mediación ou por falta de competencia obxectiva, caberá recurso de apelación.

2. Contra o auto polo que se rexeite a falta de competencia internacional, de xurisdición ou de competencia obxectiva, só caberá recurso de reposición, sen prexuízo de alegar a falta deses presupostos procesuais na apelación contra a sentenza definitiva.

O disposto no parágrafo anterior será tamén de aplicación cando o auto rexeite a submisión do asunto a arbitraje ou a mediación.»

Seis. Modifícase a regra 2.^a do número 2 do artigo 206, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2.^a Ditaranse autos cando se decidan recursos contra providencias ou decretos, cando se resolva sobre admisión ou inadmisión de demanda, reconvención, acumulación de accións, admisión ou inadmisión da proba, aprobación xudicial de transaccións, acordos de mediación e convenios, medidas cautelares e nulidade ou validez das actuacións.

Tamén revestirán a forma de auto as resolucións que versen sobre presupostos procesuais, anotacións e inscricións rexistras e cuestións incidentais, teñan ou non sinalada nesta lei tramitación especial, sempre

que en tales casos a lei exixa decisión do Tribunal, así como as que poñan fin ás actuacións dunha instancia ou recurso antes de que conclúa a súa tramitación ordinaria, salvo que, respecto destas últimas, a lei dispuxese que deban finalizar por decreto.»

Sete. Engádesse un número 3 novo ao artigo 335, coa seguinte redacción:

«3. Salvo acordo en contrario das partes, non se poderá solicitar ditame a un perito que interviñese nunha mediación ou arbitraje relacionadas co mesmo asunto.»

Oito. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 347 queda redactado da forma seguinte:

«O tribunal só denegará as solicitudes de intervención que, pola súa finalidade e contido, se deban estimar impertinentes ou inútiles, ou cando exista un deber de confidencialidade derivado da intervención do perito nun procedemento de mediación anterior entre as partes.»

Novo. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 395 pasa a ter a seguinte redacción:

«Entenderase que, en todo caso, existe mala fe se antes de presentada a demanda se lle formulase ao demandado requirimento fidedigno e xustificado de pagamento, ou se se tivese iniciado procedemento de mediación ou dirixido contra el demanda de conciliación.»

Dez. Substitúese o segundo parágrafo do número 1 do artigo 414 polos seguintes:

«Nesta convocatoria, se non se realizou antes, serán informadas as partes da posibilidade de recorrer a unha negociación para intentar solucionar o conflito, incluído o recurso a unha mediación, caso en que estas indicarán na audiencia a súa decisión ao respecto e as súas razóns.

A audiencia levarase a cabo, conforme o establecido nos artigos seguintes, para intentar un acordo ou transacción das partes que poña fin ao proceso, examinar as cuestións procesuais que puideren obstar á prosecución deste e á súa terminación mediante sentenza sobre o seu obxecto, fixar con precisión o dito obxecto e os aspectos, de feito ou de dereito, sobre os cales exista controversia entre as partes e, se é o caso, propor e admitir a proba.

En atención ao obxecto do proceso, o tribunal poderá invitar as partes a que intenten un acordo que poña fin ao proceso, se é o caso a través dun procedemento de mediación, instándoas a que asistan a unha sesión informativa.»

Once. Os números 1 e 3 do artigo 415 pasan a ter a seguinte redacción:

«1. Comparecidas as partes, o tribunal declarará aberto o acto e comprobará se subsiste o litixio entre elas.

Se manifestasen ter chegado a un acordo ou se mostrasen dispostas a concluílo de inmediato, poderán desistir do proceso ou solicitar do tribunal que homologue o acordado.

As partes de común acordo poderán tamén solicitar a suspensión do proceso de conformidade co previsto no artigo 19.4, para someterse a mediación ou arbitraje.

Neste caso, o tribunal examinará previamente a concorrencia dos requisitos de capacidade xurídica e poder de disposición das partes ou dos seus representantes debidamente acreditados que asistan ao acto.»

«3. Se as partes non tivesen chegado a un acordo ou non se mostrasen dispostas a concluílo de inmediato, a audiencia continuará segundo o previsto nos artigos seguintes.

Cando se suspendese o proceso para acudir a mediación, rematada esta, calquera das partes poderá solicitar que se alce a suspensión e se sinale data para a continuación da audiencia.»

Doce. Engádese unha excepción 4.^a ao número 3 do artigo 438, coa seguinte redacción:

«4.^a Nos procedementos de separación, divorcio ou nulidade e nos que teñan por obxecto obter a eficacia civil das resolucións ou decisións eclesiásticas, calquera dos cónxuxes poderá exercer simultaneamente a acción de división da cousa común respecto dos bens que teñan en comunidade ordinaria indivisa. Se houber diversos bens en réxime de comunidade ordinaria indivisa e un dos cónxuxes o solicitar, o tribunal pode consideralos en conxunto para os efectos de formar lotes ou adxudicalos.»

Trece. O número 1 do artigo 440 queda redactado como segue:

«O secretario xudicial, examinada a demanda, admitiraa ou dará conta dela ao tribunal para que resolva o que proceda conforme o previsto no artigo 404. Admitida a demanda, o secretario xudicial citará as partes para a realización de vista no día e hora que para tal efecto sinale; deberán mediar dez días, polo menos, desde o seguinte ao da citación e non poderán exceder os vinte.

Na citación serán informadas as partes da posibilidade de recorrer a unha negociación para intentar solucionar o conflito, incluído o recurso a unha mediación, caso en que estas indicarán na audiencia a súa decisión ao respecto e as razóns desta.

Na citación farase constar que a vista non se suspenderá por inasistencia do demandado e advertiráselles aos litigantes que deben concorrer cos medios de proba de que intenten valerse, coa prevención de que se non asistiren e se propuxer e admitir a súa declaración, poderán considerarse admitidos os feitos do interrogatorio conforme o disposto no artigo 304. Así mesmo, demandante e demandado serán previstos do disposto no artigo 442, para o caso de que non compareceren á vista.

A citación indicará tamén as partes que, no prazo dos tres días seguintes á recepción da citación, deben indicar as persoas que, por non as poderen presentar elas mesmas, deben ser citadas polo secretario xudicial á vista para que declaren en calidade de partes ou de testemuñas. Para tal fin facilitarán todos os datos e circunstancias precisos para levar a cabo a citación. No mesmo prazo de tres días poderán as partes pedir respostas escritas a cargo de persoas xurídicas ou entidades públicas polos trámites establecidos no artigo 381 desta lei.»

Catorce. O número 3 do artigo 443 queda redactado como segue:

«3. Oído o demandante sobre as cuestións a que se refire o punto anterior, así como as que considerar necesario propor acerca da personalidade e representación do demandado, o tribunal resolverá o que proceda e, se manda proseguir o xuízo, o demandado poderá pedir que conste en acta a súa desconformidade, para os efectos de apelar contra a sentenza que en definitiva se dite.

En atención ao obxecto do proceso, o tribunal poderá invitar as partes a que intenten un acordo que poña fin ao proceso, se é o caso, a través dun procedemento de mediación, instándoas a que asistan a unha sesión informativa. As partes de común acordo poderán tamén solicitar a suspensión do proceso de conformidade co previsto no artigo 19.4, para someterse a mediación ou arbitraje.»

Quince. O punto 2 do número 2 do artigo 517 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Os laudos ou resolucións arbitrais e os acordos de mediación; estes últimos deben ter sido elevados a escritura pública de acordo coa Lei de mediación en asuntos civís e mercantís.»

Dezaseis. O artigo 518 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 518. *Caducidade da acción executiva fundada en sentenza xudicial, ou resolución arbitral ou acordo de mediación.*

A acción executiva fundada en sentenza, en resolución do tribunal ou do secretario xudicial que aprobe unha transacción xudicial ou un acordo alcanzado no proceso, en resolución arbitral ou en acordo de mediación caducará se non se interpón a correspondente demanda executiva dentro dos cinco anos seguintes á firmeza da sentenza ou resolución.»

Dezasete. Engádesse un novo parágrafo ao número 1 do artigo 539, coa seguinte redacción:

«Para a execución derivada dun acordo de mediación ou un laudo arbitral requirirase a intervención de avogado e procurador sempre que a cantidade pola cal se despache execución sexa superior a 2.000 euros.»

Dezaioito. O número 2 do artigo 545 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando o título sexa un laudo arbitral ou un acordo de mediación, será competente para denegar ou autorizar a execución e o correspondente despacho o xulgado de primeira instancia do lugar en que se ditase o laudo ou se asinase o acordo de mediación.»

Dezanove. Modifícase o artigo 548:

«Artigo 548. *Prazo de espera da execución de resolucións procesuais ou arbitrais ou de acordos de mediación.*

Non se despachará execución de resolucións procesuais ou arbitrais ou de acordos de mediación dentro dos vinte días posteriores a aquel en que a

resolución de condena sexa firme, ou a resolución de aprobación do convenio ou de sinatura do acordo fose notificada ao executado.»

Vinte. Engádesse un novo parágrafo ao ordinal 1.º do número 1 do artigo 550, coa seguinte redacción:

«Cando o título sexa un acordo de mediación elevado a escritura pública, xuntarase, ademais, copia das actas da sesión constitutiva e final do procedemento.»

Vinte e un. Modifícase a rúbrica e o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 556, que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 556. *Oposición á execución de resolucións procesuais ou arbitrais ou dos acordos de mediación.*

1. Se o título executivo for unha resolución procesual ou arbitral de condena ou un acordo de mediación, o executado, dentro dos dez días seguintes á notificación do auto en que se despache execución, poderá oporse a ela por escrito alegando o pagamento ou cumprimento do ordenado na sentenza, laudo ou acordo, que deberá xustificar documentalmente.»

Vinte e dous. Dáse nova redacción ao ordinal 3.º do número 1 do artigo 559:

«3.º Nulidade radical do despacho da execución por non conter a sentenza ou o laudo arbitral pronunciamentos de condena, ou porque o laudo ou o acordo de mediación non cumpra os requisitos legais exixidos para comportar execución, ou por infracción, ao despacharse execución, do disposto no artigo 520.»

Vinte e tres. O número 3 do artigo 576 queda redactado da seguinte forma:

«3. O establecido nos anteriores puntos será de aplicación a todo tipo de resolucións xudiciais de calquera orde xurisdiccional, os laudos arbitrais e os acordos de mediación que impoñan o pagamento de cantidade líquida, salvo as especialidades legalmente previstas para as facendas públicas.»

Vinte e catro. Dáse nova redacción ao artigo 580, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 580. *Casos en que non procede o requirimento de pagamento.*

Cando o título executivo consista en resolucións do secretario xudicial, resolucións xudiciais ou arbitrais ou que aproben transaccións ou convenios alcanzados dentro do proceso, ou acordos de mediación, que obriguen a entregar cantidades determinadas de diñeiro, non será necesario requirir de pagamento o executado para proceder ao embargo dos seus bens.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.*

Modifícanse o artigo 2 e a disposición transitoria única e engádesse dúas novas disposicións adicionais, oitava e novena, á Lei 34/2006, do 30 de outubro,

sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, nos termos seguintes:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«Os títulos profesionais regulados nesta lei serán expedidos polo Ministerio de Xustiza.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Licenciados en Dereito.*

Os títulos profesionais que se regulan nesta lei non serán exixibles aos que obteñan un título de licenciado en Dereito con posterioridade á entrada en vigor desta, sempre que, no prazo máximo de dous anos, contados desde o momento en que se encontren en condicións de solicitar a expedición do título oficial de licenciado en Dereito, procedan a colexiarse, como exercentes ou non exercentes.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Títulos estranxeiros homologados.*

Os títulos profesionais que se regulan nesta lei non serán exixibles a aqueles que no momento de entrada en vigor da presente lei solicitasen a homologación do seu título estranxeiro ao de licenciado en Dereito, sempre que no prazo máximo de dous anos, contados desde o momento en que obteñan a dita homologación, procedan a colexiarse, como exercentes ou non exercentes.»

Catro. Modifícase o número 3 da disposición transitoria única, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Aqueles que no momento da entrada en vigor da presente lei se encontren en posesión do título de licenciado ou grao en Dereito ou en condicións de solicitar a súa expedición e non estean comprendidos no punto anterior, disporán dun prazo máximo de dous anos, contado desde a súa entrada en vigor, para proceder a colexiarse, como exercentes ou non exercentes, sen que lles sexa exixible a obtención dos títulos profesionais que nela se regulan.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, establecida no artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución. Non obstante o anterior, a modificación da Lei 34/2006 efectúase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a, 6.^a e 30.^a da Constitución.

Disposición derradeira sexta. *Incorporación de normas da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, sobre certos aspectos da mediación en asuntos civís e mercantís.

Disposición derradeira sétima. *Procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos para reclamacións de cantidade.*

O Goberno, por iniciativa do Ministerio de Xustiza, promoverá a resolución dos conflitos que versen sobre reclamacións de cantidade a través dun procedemento de mediación simplificado que se desenvolverá exclusivamente por medios electrónicos. As pretensións das partes, que en ningún caso se referirán a argumentos de confrontación de dereito, quedarán reflectidas nos formularios de solicitude do procedemento e a súa contestación que o mediador ou a institución de mediación facilitarán aos interesados. O procedemento terá unha duración máxima dun mes, contado desde o día seguinte á recepción da solicitude, e será prorrogable por acordo das partes.

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento regulamentario do control do cumprimento dos requisitos da mediación exixidos na lei.*

1. O Goberno, por iniciativa do ministro de Xustiza, poderá prever regulamentariamente os instrumentos que se consideren necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos exixidos nesta lei aos mediadores e ás institucións de mediación, así como da súa publicidade. Estes instrumentos poderán incluír a creación dun Rexistro de Mediadores e de Institucións de Mediación, dependente do Ministerio de Xustiza e coordinado cos rexistros de mediación das comunidades autónomas, e no cal, en atención ao incumprimento dos requisitos previstos nesta lei, se poderá dar de baixa a un mediador.

2. O Goberno, por iniciativa do Ministerio de Xustiza, poderá determinar a duración e o contido mínimo do curso ou cursos que con carácter previo deberán realizar os mediadores para adquiriren a formación necesaria para o desempeño da mediación, así como a formación continua que deben recibir.

Poderase desenvolver regulamentariamente o alcance da obriga de aseguramento da responsabilidade civil dos mediadores.

Disposición derradeira novena. *Avaliación das medidas adoptadas por esta lei.*

O Goberno deberá remitir ás Cortes Xerais, no prazo de dous anos, un informe sobre a aplicación, a efectividade e os efectos do conxunto de medidas adoptadas por esta lei para os efectos de avaliar o seu funcionamento.

O dito informe incluírá, así mesmo, a posible adopción doutras medidas, tanto substantivas como procedementais, que, a través das oportunas iniciativas, melloren a mediación en asuntos civís e mercantís.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY